

DE CANTODAREA A DOMAIO

TENSY GESTEIRA CREADORA DO BLOG SOBRE LITERATURA 'LECTURAFILIA'

► Afincouse en Bueu e trouxo a súa mochila cargada cunha morea de libros e cun feixe de ganas de falar sobre eles. O seu espazo virtual, unha fiestra literaria aislada con reseñas e entrevistas, leva xa sete anos activo

«Os mellores libros están nas editoriais pequenas»



Gesteira, junto a uno de los murales de la Plaza Massó de Bueu. C. NEIRA

De onde xorde a idea de crear 'Lecturafilia'?

Naceu no verán do 2012. Estaba aburrida e quería probar no tema dos blogs, e apeteceame compartir algo de lectura. Pero a verdade é que non naceu como algo serio, senón pensando en publicar algo cada vez que lera un libro que me gustase. De feito, foi ese verán cando lin por primeira vez 'Cartas desde el infierno', de Ramón Sampredo, e marcóume tanto que sentín esas ganas de compartilo. Logo subía algo cada dous meses, máis ou menos, pero nada demasiado elaborado porque tampouco lía tanto como agora, porque estaba estudando a carreira. Despois tiveron un parón de oito meses nos que non tiven traballo e implíqueime moito no blog, pensando en afianzar o proxecto, e sentín ganas de publicar moitas máis reseñas. Máis tarde, aventureime cas entrevistas. Foi precisamente un escritor quen me deu a idea de facelas.

Neste último ano estivo dándolle un importante impulso ao blog, non?

Si, renovei a imaxe e o logo, que deseñou Tania Solla, unha ilustradora de Pontevedra que traballa no coworking de Arroelo. Estou tentando promocionalo máis. Agora

xa é un proxecto que estou afianzando, e que me está dando unha morea de satisfaccións, como a presentación dun libro que farei na Coruña a semana que vén. Ademais, xa non só é que coñeza novos autores, é que podo colaborar con editoriais, que agora xa me mandan libros a cambio de facer unha reseña no blog.

Fai uns anos, o dos blogs foi como unha burbulla que estoupou e a rede encheuse deles. Tiña medo de que 'Lecturafilia' naufragase no medio da Internet?

É un universo difícil para introducirse nel. En España, que é o que eu máis controlo, hai 'mogollón' de blogs de literatura, pero son de dous tipos. Uns que son de xente que da argumentos moi banales e baleiros de contido, e despois hai outra tendencia de xente preparadísima, con blogs moi bos. Pero logo non ten nada que ver á hora de triunfar, porque hai algúns que, a pesar de ser bos, non prosperan. Eu vou crecendo moi pouco a pouco, pero a xente que chega ata Lecturafilia e me le, quédase, afíanzase.

Grazas ás ferramentas dos blogs un pode analizar a evolución da súa páxina. Como foi a súa?

Notei un cambio moi importante cando cambiei o dominio de

Wordpress, que era a plataforma ca que estaba ata agora, polo de .com. Ás visitas creceron moito porque o posicionamento en Google é moito maior. Tamén decidín crear páxinas nas redes sociais, incrementando a difusión das publicacións, onde funcionan moi ben os sorteos de libros. Por outra banda, os autores acostuman a quedar moi contentos das súas reseñas e axudan a compartilas.

Algunha vez tivo algún problema por facer unha reseña negativa?

Si. Eu sempre lle digo ás editoriais que me mandan libros que eu vou escribir se o libro me parece bo ou se me parece malo. Evidentemente, fareino de maneira fundamentada, pero fareino. Un día chegoume un libro dunha autora

Vou crecendo moi pouco a pouco, pero a xente que chega a 'Lecturafilia' quédase, afíanzase»

Gustárame impulsar unha sección feminista e outra que teña reseñas de literatura infantil»

que era moi malo, parecérame incluso insultante porque incluso tiña faltas de ortografía e claro, a miña reseña foi negativa, pero nin sequera tanto como debería; tratei de facela desde o respecto e a amabilidade. Mandeilla á escritora e ela contestoume que tiña que eliminar a publicación e que me fa denunciar. Foi o único momento no que pensei en deixar o blog. Pero ese mesmo caso ocorreume con outro autor, que pola contra díxome que me agradecía moito a crítica, que era construtiva e que grazas a ela estaba aprendendo. Son dúas formas distintas de tomar as cousas. Os dous eran moi pouco coñecidos e tamén hai quen di que non se lles poden facer críticas negativas aos novos autores, porque están empezando e tal, pero eu quero que as persoas que len o blog saiban que pode interesarlles e que non. Normalmente a xente valora esas cousas, así como que lle deas argumentacións de fondo nas reseñas, que vaian máis alá do «devoreino nunha noite». Cantas visitas ten a páxina actualmente?

Segundo as estatísticas que teño eu, estamos falando de entre 300 e 400 diarias. Para min é moito porque fai apenas un ano non chegaba nin ás 50. A maiores, teño

máis de 300 suscritores ao blog. Sobre as entrevistas, que diferencia hai entre ler a un autor e falar con el?

Pois ás veces levas desilusións, porque les o libro e cres que o autor vai che caer xenial e sen embargo é moi seco, ou viceversa. É moi gratificante facelas e con elas estou poñendo en práctica un exercicio persoal que ten que ver con evitar facer preguntas que leven un 'que opinas', senón ir máis alá. O Premio Nadal 2016, Víctor del Árbol, díxome que a entrevista que lle fixera eu fora a mellor que lle fixeran, e eu quedei alucinada.

Que libros te marcaron a ti e tamén tiveron repercusión no blog?

O que che podería dicir é que desde que teño o blog descubrí que hai libros boísimos nas editoriais pequenas. Cada vez leo menos editoriais grandes porque hai algunhas como Blackie Books que sacan aos mellores autores. Se tivera que destacar, destacaría 'La niña del salto', que é o libro que vou presentar na Coruña e que foi precisamente o que sorteí. É dun autor venezolano que se chama Edgar Borges e é alucinante.

Cando empezou a ler?

Pois sendo moi nova. O momento no que recordo empezar a ler máis foi cando abríron unha axencia de lectura en Valeixe (A Cañiza), de onde son eu, e recordo que fun a primeira, e non sei se a última, que lin os libros. Lin todo o que alí había. Os primeiros días que fora chovía moitísimo e collín 'Ana de las tejas verdes', que me encantou. Volví a lelo o ano pasado e xa non o vin cos mesmos ollos (rí). Os libros teñen o seu tempo.

É importante que se potencien este tipo de axencias de lectura en lugares pequenos, tal e como se fixo en Meiro?

Si. Ca axencia de lectura decátaste de que a xente precisa falar de libros.

Que plans futuros ten para Lecturafilia?

Pois gustárame impulsar unha sección de libros feministas e outra sobre literatura infantil. E se tivera máis tempo gustárame poder facer máis artigos relacionados ca literatura de maneira xeral, ou de cultura, artigos máis de fondo, nos que analizan programacións ou varios títulos.

COUSAS DE TRINQUETE

En talento no nos gana nadie

En esta comarca ya nace-mos siendo artistas, ¿no lo creen? Creo que todos tenemos un pintor, un poeta o un bailarín en lo más profundo de nuestro corazón, lo que pasa es que a veces ese pulso talentoso sale adelante y otras veces no. En mi caso, qué quieren que les diga, ni cuadros ni versos, pero

tengo unas dotes actorales que bien podrían haberse aprovechado para 'Farifia'. ¿Qué me dicen? ¿Me imaginan interpretando a Sito Miñanco? No, tranquilos, tampoco me imagino yo. Pero daba para camarero de la boda de Laureano Oubiña, ¿qué me dicen?

En fin, a donde yo quería llegar

con todo esto es a que lo que más me gusta de esta comarca es que esparce su talento a diestro y siniestro. Ahora mismo está el Balneario de Cuntis repleto de arte marinense gracias a la pintora Marisa Crespo Rosales, que acaba de inaugurar una exposición allí que no me pienso perder, y les juro que no estoy pensando en



Marisa Crespo. D.P.

dejarme caer por la villa termal porque me muera de ganas de un masaje y un baño turco, sino porque de verdad vale la pena disfrutar in vivo y en directo de las creaciones de Marisa.

Si les queda un poco lejos, no se preocupen. Estoy seguro de que mi querido amigo Alberto Mallo me lee religiosamente todos los sábados y, como hoy no es diferente, propondrá al Concello organizar una exposición de esta pintora en el museo Manuel Torres antes de que cante un gallo.